

# Orixe do Día das Letras Galegas

- 1. En que ano se comezou a celebrar o Día das Letras Galegas?.**  
No ano 1.963.
- 2. Que se conmemora nesta data de celebración?**  
Conmemórase o centenario da publicación de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro.
- 3. A que membros da Real Academia Galega debemos a idea desta celebración?**  
A Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román e Xesús Ferro Couselo.
- 4. Que requisitos hai que cumprir para poder ser homenaxeado?**  
Ser un escritor/a que exaltara a nosa lingua galega e que finara, polo menos, dez anos antes.
- 5. En que século comeza o Rexurdimento da Lingua e Cultura Galega?**  
No século XIX, concretamente no ano 1863 coa publicación de "Cantares Gallegos" de Rosalía de Castro.
- 6. Desde que ano é festivo en Galiza o Día das Letras Galegas (RAG)?**  
Desde 1.991.
- 7. En que ano se fundou a Real Academia Galega?**  
No ano 1.906.
- 8. Cal foi o primeiro Presidente da RAG?**  
Manuel Murguía., marido de Rosalía de Castro.
- 9. Que profesión tiña este primeiro Presidente?**  
Foi historiador.
- 10. Onde naceron e como se chamaban as persoas que deron os primeiros pasos para crear a RAG?**  
Fontenla Leal (nado en Ferrol) e Manuel Curros Enríquez (nado en Celanova) deron dende a Habana, en Cuba, os primeiros pasos para crear a RAG.